

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN PARA ACTIVIDADES DE PRÁCTICAS SEN RECOÑECIMENTO ACADÉMICO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN DE ALUMNOS DE FARMACIA DA USC

COMPARECEN

Dunha parte, D. Juan Manuel Viaño Rey Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, (en adiante USC), actuando no seu nome e representación, con domicilio en Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela (España), en virtude do Decreto 62/2014 e do artigo 82 dos seus Estatutos aprobados por Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro.

Doutra parte, Marta Ríos Fandiño, Presidenta da Asociación de Alumnos de Farmacia da USC con CIF G70399076 (en adiante AsAIFUSC), actuando no seu nome e representación, con DNI 45952058J, e domicilio particular en Aldea Nova, Rúa da Ribeira 64A, Ames, 15720, A Coruña e o domicilio de AsAIFUSC atópase no Local de Alumnos da Facultade de Farmacia localizada en Praza Seminario de Estudos Galegos, s/n. (Campus Vida), 15782 Santiago de Compostela.

Ambos manifestan que teñen plena capacidade de obrar e de subscribir o presente acordo e a estes efectos,

EXPONEN

PRIMEIRO.- Que AsAIFUSC é unha asociación sen ánimo de lucro que colabora no desenvolvemento de actividades de formación para estudantes e que colabora con asociacións a nivel nacional e internacional dentro do ámbito da Farmacia, en concreto FEEF e IPSF.

SEGUNDO.- Que AsAIFUSC é membro da Federación Española de Estudiantes de Farmacia (FEEF) e, esta, a súa vez é membro da International Pharmaceutical Students' Federation (IPSF) que é o organismo maior responsable do intercambio Student Exchange Programme (SEP).

TERCEIRO.- Que AsAIFUSC como membro de IPSF pode enviar e recibir estudantes dentro do programa de intercambio SEP para a realización de prácticas internacionais sen recoñecemento académico (tanto para os alumnos enviados como para os recibidos de outros países).

CUARTO.- Que tanto AsAIFUSC como la USC están de acordo en establecer unha colaboración nos campos de interese común, incluíndo que AsAIFUSC e, por tanto os estudantes de intercambio recibidos, teñan acceso a certas instalacións da USC nas que se poderán desenrolar as prácticas internacionais sempre que a USC conceda permiso para o seu uso.

QUINTO.- Que ambas partes recoñecen a importancia que ten desenrolo das relaciones interculturais como unha mellora na formación para os seus estudantes.

Tendo en conta o anteriormente exposto, a USC e AsAIFUSC

CONVEÑEN

Estreitar as súas relacións, unir esforzos e establecer normas amplas de actuación que canalicen e incrementen, dentro dun marco preestablecido, os contactos e colaboracións de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- FINALIDADE DO ACORDO MARCO

O obxecto deste acordo é o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre a USC e AsAIFUSC para realizar a actividade denominada prácticas internacionais nas dependencias da USC (laboratorios de departamentos, centros de investigación...).

SEGUNDA.- MODALIDADES DE COLABORACIÓN

A finalidade principal obxecto deste convenio é a realización dunha estancia práctica internacional nos laboratorios da Facultade de Farmacia da USC ou en Centros Singulares de Investigación da USC, acollendo así aos alumnos recibidos que participan no programa SEP sempre que se cumpran as seguintes condicións

- a) Que os profesores acepten voluntariamente facerse cargo de alumnos de intercambio.
- b) Que os estudantes recibidos se inscriban na USC en concepto de "estancias", logo de que a Facultade de Farmacia remita á UXA-sur a relación de alumnos admitidos para realizar as prácticas a que se

- refire o presente convenio. Os alumnos abonarán a cantidade correspondente ao seguro de accidentes e de apertura de expedientes.
- c) Os estudantes que se reciban deberán ter subscrito un seguro de responsabilidade civil e ter cuberta, pola súa conta, a asistencia sanitaria durante o período das prácticas.
 - d) A cada alumno de intercambio, a Facultade asignaralle un titor ou responsable no laboratorio no que realicen as prácticas, que será encargado de supervisar a súa actividade. A actividade de titor é totalmente voluntaria e cada titor firmará un compromiso de aceptación dos estudantes recibidos. En particular os titores informarán aos alumnos dos riscos e das medidas de seguridade aplicables á actividade a desenrolar.
 - e) Os alumnos recibidos deberán asumir tódalas normas organizativas dos laboratorios nos que realicen as prácticas e en especial as normas sobre seguridade e saúde.

As prácticas realizadas durante o programa SEP non contarán con recoñecemento por parte da USC, de créditos.

As prácticas desenvolveranse nos meses de xuño e xullo.

Así mesmo, as partes poderán:

- a) Cooperar en calquera outra actividade que fomenta a educación e experiencia tanto dos alumnos recibidos como dos enviados.
- b) Asesorarse mutuamente en cuestións relacionadas coa actividade.
- c) Cantas outras actividades sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente Acordo Marco.

TERCEIRA.- NORMAS DE COLABORACIÓN

A participación dos departamentos e profesores da USC nas actividades recollidas no presente convenio será a de acoller voluntariamente aos estudantes recibidos no laboratorio no que traballan como observador e/ou axudante. Cada estudante terá un titor asignado coa fin de que supervise que o estudante poida enriquecer o seu coñecemento científico durante a estancia.

As colaboracións derivadas deste Acordo Marco quedarán sometidas ás normas aquí indicadas. Tamén será necesario firmar unha autorización ou acordo no momento en que comecen as prácticas de forma que tanto o estudante como os responsables de ámbalas partes acepten cumprir as normas aquí recollidas.

CUARTA.- ESTABLECEMENTO DA COMISIÓN MIXTA

Para facilitar a supervisión do Convenio Marco, o seu seguimento e cumprimento, e se fose necesario tamén a supervisión da autorización de cada estudante, constituirase unha Comisión Mixta integrada por:

- O Reitor da USC ou un membro no que delegue e un membro do equipo decanal da Facultade de Farmacia como representantes da USC
- O Presidente e Secretario respectivamente da Asociación de Alumnos de Farmacia da USC (AsAIFUSC).

A Comisión Mixta poderá ditar normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

QUINTA.- EQUIPAMENTO

Os bens aportados por unha parte nun proxecto común serán sempre da súa propiedade.

SEXTA.- CONFIDENCIALIDADE

O estudante que se recibe en cada laboratorio comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas pertencentes ao traballo desenrolado nese laboratorio, sempre que esas informacións non sexan de dominio público.

A parte receptora do coñecemento (o estudante) manterá a confidencialidade e estrito secreto de dita información despois de finalizadas as prácticas e evitará revelala a terceiros.

Os resultados da actividade investigadora que se realice nos laboratorios serán sempre da USC.

SÉTIMA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

O presente Acordo Marco entrará en vigor no momento da súa firma e a súa vixencia será de 5 anos. O acordo xeral poderase renovar por acordo mutuo das Partes. Presumirase o acordo, e o acordo renovarase automaticamente por períodos sucesivos dun ano, se ningunha das partes realiza manifestación algunha en sentido contrario. As dúas Partes resérvanse o dereito de dar por concluído este acordo mediante comunicación escrita enviada con seis meses de antelación á data na que se deba dar por extinguido el acordo, debendo finalizar as accións en marcha.

OITAVA.- XURISDICIÓN COMPETENTE

As partes comprométense a resolver amistosamente calquera conflito que puidese xurdir a través da Comisión Mixta establecida na cláusula CUARTA.

En todo caso, e dada a natureza pública da USC, para a resolución de conflitos será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa, en particular os Xulgados do contencioso de Santiago de Compostela.

E en proba de conformidade de canto antecede, firman o presente documento por duplicado exemplar, en Santiago de Compostela a 19 de xuño de 2014.

Pola Universidade de
Santiago de Compostela


O Reitor



Juan M. Viaño Rey

Pola AsAIFUSC

A Presidenta



Marta Ríos Fandiño